

## **INSTRUCCIÓN 3/2021, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE ADMINISTRACIÓN DA 2ª DOSE DO SEGUNDO PROCESO DE VACINACIÓN COVID-19 DE PERSOAL EN CENTROS SANITARIOS DE GALICIA**

Sobre a base do “*Plan Galego de vacinación Fronte ao SARS-CoV-2*” da Dirección Xeral de Saúde Pública, ditáronse instrucións desta Xerencia 1/21 sobre o segundo proceso de vacinación COVID 19 de persoal do Grupo 2, persoal de institucións sanitarias de primeira liña de atención a pacientes COVID e/ou inmunodeprimidos e persoal exposto a riscos biolóxicos por procedementos xeradores de aerosois, segundo criterios do Plan específico de prevención de riscos laborais do persoal do Servizo Galego de Saúde.

Este persoal foi vacinado entre os días 13 e 18 de Xaneiro.

Neste intre, cómpre ditar as normas para que as áreas sanitarias organicen a administración da 2ª dose de vacina COVID 19 para este persoal, estas normas son complementarias ás ditadas na Instrución 1/21.

Con base nas facultades atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.2 do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, e coa finalidade de planificar e determinar os recursos humanos necesarios, e de establecer criterios comúns de actuación nesta materia dítanse as seguintes:

**Instrucción 3/21**

## INSTRUCCIÓNS

### **Primeira. Obxecto e ámbito**

As presentes instrucións teñen por obxecto planificar e determinar os criterios necesarios para dar comezo á administración da **2ª dose** da vacina COVID 19 no persoal e establecer criterios comúns de actuación nesta materia.

### **Segunda: Normas xerais**

As xerencias de cada área organizarán e planificarán a administración da 2ª dose da vacina COVID 19 do persoal determinado na Instrución 1/21, diferenciando ao seguinte persoal ao que xa se administrou unha primeira dose de dita vacina:

#### **A. Persoal con 1ª dose da vacina Comirnaty® (Pfizer-BioNTech)**

De acordo co Plan Galego de Vacinación será vacunado aos 21 días da 1ª dose.

#### **B. Persoal con 1ª dose de vacina Moderna COVID 19 Vaccione ® (Moderna)**

De acordo co Plan Galego de Vacinación será vacunado aos 28 días da 1ª dose.

### **Terceira: Normas para o persoal encargado da vacinación.**

a) Persoal responsable da vacinación:

Designarase a persoal de enfermería dos equipos específicos da primeira fase para a

Instrución 3/21



administración da 2ª dose da vacina COVID 19. En cada xerencia constará a acreditación das persoas autorizadas nun expediente administrativo de vacinación aberto en cada xerencia.

As persoas designadas serán as seguintes:

- 14 Hospitais: a vacinación será competencia do persoal de enfermería propio de cada área das unidades de medicina preventiva e de saúde laboral así como tamén contarán coa colaboración dos equipos específicos de enfermería da primeira fase, acreditados como tales, que neste intre remataron coa 2ª dose de vacinación nas residencias.

Este persoal acreditado vacinará ao persoal do centro hospitalario correspondente así como tamén ao persoal de centros privados e concertados e do 061 dentro do ámbito territorial de cada área e que consten nas axendas.

- Atención primaria: A vacinación será realizada polos equipos de enfermería específicos da primeira fase segundo planificación de cada área. Os puntos de vacinación serán tantos como centros haxa nas 7 cidades principais, así como tamén nas cabeceiras dos Servizos de Atención Primaria, normalmente coincidentes coa sede do PAC, nas outras localidades. Vacinarán ao persoal de atención primaria correspondente de acordo coas axendas.
- A vacina de Moderna administrárase só nos centros hospitalarios por mor da estabilidade da mesma así como polas súas condicións especiais de transporte e conservación.

**Non se designará a persoa allea ás anteriores para administrar as vacinas.**

O persoal dos equipos de cada punto de vacinación terá un/unha persoa responsable da recepción e rexistro das vacinas, así como do seguimento destas instrucións, e

Instrución 3/21



responderá da devolución dos viais sobrantes e dos baleiros ao rematar cada xornada. Pola Dirección de cada área, designarase a esa persoa de referencia coa que se poderá contactar de maneira áxil para resolver as incidencias derivadas da planificación.

A persoa responsable asegurarse de que o persoal dos equipos de vacinación coñece estas instrucións antes de dar comezo á mesma.

b) Axendas:

- As citas nas axendas de vacinación da 2ª dose serán realizadas respectando as listaxes configuradas pola Dirección Xeral de Saúde Pública, sen que caiba alteración algunha.

- As datas de vacinación iniciaranse o día 3 de Febreiro ata o día 19 do mesmo mes.

- Non se poderán vacinar a persoas que non estean incluídas nas listaxes, xa que as vacinas son nominais destinadas ao persoal que recibiu a 1ª dose. Non poderán alterarse os calendarios nin as persoas citadas para cada data.

- As persoas que recibisen unha primeira dose e que na data sinalada para a 2ª dose, sendo citadas non acudan, deberá rexistrarse dito evento “non acude” no rexistro de vacinación informatizado.

As incidencias serán resoltas pola Dirección Xeral de Saúde Pública, tanto das persoas que non acudan como das doses sobrantes, tal como se contempla no Plan de Vacinación. Os contactos figuran no citado Plan (páxina 3) mail: [vacinas@sergas.es](mailto:vacinas@sergas.es)

Instrucción 3/21



**Non se poderá dispoñer das doses e viais sobrantes sen autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública.**

c) Vacinas:

As vacinas distribuiranse nos puntos de vacinación determinados nestas instrucións e baixo a dirección da Dirección Xeral de Saúde Pública.

A persoa designada como responsable comunicará as incidencias e responderá da devolución das sobrantes ao rematar cada xornada.

Así tamén, dará instrucións precisas para que ninguén de fóra dos equipos de vacinación autorizados poda administrar vacinas e dispoña delas, evitando calquera saída do circuíto habitual.

#### **Cuarta. Salas e medios de traballo**

A dirección da área velará para que a vacinación se realice nunha sala específica, que contará con sistemas que garantan a ventilación adecuada (ventilación natural ou mecánica). Así tamén, velarase pola seguridade das vacinas durante o almacenamento en neveira a unha temperatura entre 2 e 8 graos.

Deberase dispoñer de dispensadores con solución hidroalcohólica ao alcance do persoal. Tamén se disporá nesa sala, de contedores de residuos a ser posible con tapa de apertura con pedal.

As persoas a vacinar deberán levar roupa que lle permita descubrir facilmente a zona de punción. Deberán usar máscara cirúrxica, a cal deberá cubrirlle a boca e o nariz.

O persoal extremará a auto observación de aparición de síntomas respiratorios ou compatibles coa enfermidade COVID. No caso de que unha persoa presente calquera

Instrución 3/21



sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, falta de gusto ou olfacto de xeito repentino, etc.) que puidese estar asociada coa infección por coronavirus, non deberá acudir á súa cita e avisarase ao persoal que administra a vacina para anular a cita reservada. De detectarse no momento da vacinación, seguirase o protocolo de actuación de manexo de casos COVID da área sanitaria.

### **Quinta. Medidas de protección e EPI**

A/O profesional que administre a vacina usará os seguintes equipos de protección: bata de manga longa (de tecido sen tecer desbotable), máscara FFP2 e luvas.

O número de equipos subministrados por xornada de traballo será adecuado ao número de citas e xornada.

Santiago de Compostela,  
José Flores Arias  
Xerente do Servizo Galego de Saúde  
(*asinado dixitalmente á marxe*)

